

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**PARLAMENTO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 15 de outubro de 2019, da Presidencia do Parlamento de Galicia, de nomeamento dun funcionario da escala de tecnoloxías da información do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Á vista da resolución do procedemento selectivo para a provisión por concurso do posto de adxunto/a á Xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información da Administración do Parlamento de Galicia, posto AP109 da escala de tecnoloxías da información do corpo superior do Parlamento de Galicia, a favor do funcionario Ignacio Cid Gómez, acordado pola Mesa do Parlamento na súa sesión do 1 de outubro de 2019, e rematados os trámites establecidos nas bases da antedita convocatoria, no uso das facultades que me confire o Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia e o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Nomear adxunto á Xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información da Administración do Parlamento de Galicia a Ignacio Cid Gómez.

Contra a presente resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Presidencia do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

